



CONCELLO DE PONTECESURES

B A N D O

JUAN MANUEL VIDAL SEAGE, ALCALDE DO CONCELLO DE PONTECESURES

Ante a presenza en diversas zonas do termo municipal de residuos depositados na propia rúa

FAGO SABER:

Primeiro.-PROHÍBESE O DEPÓSITO DE CALQUER RESIDUO SÓLIDO URBANO fóra dos espazos destinados a tal efecto, constituíndo unha infracción tipificada na Ordenanza Reguladora da Limpeza viaria e Ornato Público do Concello de Pontecesures, publicada no BOP 193 do venres, 7 de outubro de 2016, onde dí textualmente:

“Prohíbese depositar na vía pública toda clase de entullos ou refugallos procedentes de obras de construción e remodelación de inmobles, ou de obras realizadas no seu interior”.

Segundo.- O Concello de Pontecesures ten subscrito un contrato para o servizo de recollida dos aparellos eléctricos e electrónicos e escombros de pequenas obras domésticas coa empresa Gestión de Residuos Vimianzo, co que para este tipo de residuos está establecido un protocolo de recollida que evite ter que depositar na vía pública co conseguinte menoscabo da imaxe do pobo para a veciñanza e visitantes.

Dito procedemento consiste en comunicalo nas oficinas do Concello en horario de 9:00 a 14:00 horas para que dende o Concello se lle dé traslado á empresa concesionaria do servizo de recollida.

Dende o Goberno Municipal agradecemos a colaboración cidadá para o cumprimento de estas normas de convivencia.

En Pontecesures, a 25 de Novembro de 2021

O Alcalde,

Juan Manuel Vidal Seage

